

- Recoñecer a través do medio que se considere oportuno (entrevista no *blog* da biblioteca, entrega dun pequeno agasallo en agradecemento, invitación a algún dos actos previstos....) a contribución de persoas ou institucións á mellora e funcionamento da biblioteca escolar (profesorado, pais/nais, alumnado, conserxes, bibliotecario/a municipal....).
- Convocar un concurso de marcadores de lectura entre o alumnado, cunha posterior exposición de todos os traballos, coa intención de promover o Día Internacional da Biblioteca Escolar.
- Buscar en internet, en prácticas de aula co alumnado, información sobre as bibliotecas escolares no noso país e noutros.
- Realizar, coa colaboración do alumnado, unha relación de cinco títulos da literatura infantil e xuvenil galega, que deberían poder ler as nenas e nenos doutros países.
- Organizar un *Trivial da biblioteca escolar*, con preguntas sobre o seu funcionamento e os seus recursos, ou sobre un tema concreto, motivando así a consulta de documentos informativos.
- Promover un xogo de busca documental sobre un tema de actualidade para reforzar a presenza da biblioteca escolar e dos seus recursos no centro educativo.
- Organizar para esa semana actividades conxuntas coa biblioteca pública de referencia (visitas guiadas, xogos de busca documental, recitais poéticos, *hora do conto*...)

Máis información:

<http://www.iasl-slo.org/isld2005.html>

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

<http://www.edu.xunta.es> (a través de profesorado/centros: sección

Bibliotecas Escolares)

Asesoría de Bibliotecas Escolares. Tfno.: 981 54 65 47

[bibliotecasescolares@edu.xunta.es](mailto:bibliotecasescolares@edu.xunta.es)



22 de outubro de 2007  
 Día Internacional da  
 Biblioteca Escolar  
*Aprendendo máis e  
 mellor dende a túa  
 biblioteca escolar*



A Asociación Internacional de Bibliotecarios Escolares ([Internacional Association of School Librarianship, IASL](#)), iniciou no ano 1999 a convocatoria do Día Internacional da Biblioteca Escolar, no cuarto luns do mes de outubro de cada ano, coa fin de sensibilizar á sociedade sobre a importancia da biblioteca escolar como recurso fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe e impulsar a súa presenza na institución escolar.

Por outra parte, na Comunidade Autónoma de Galicia celébrase o 24 de outubro o *Día das Bibliotecas*, sendo esta unha das datas escollidas para reforzar a presenza do libro e da lectura na sociedade galega.

Dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, propónse aos centros a conmemoración destes días, mediante actividades contextualizadas que sirvan para a sensibilización da comunidade escolar respecto da importancia dunha presenza activa da biblioteca como recurso para o fomento da lectura, a busca de información e a mellora dos procesos de aprendizaxe. Estas actividades poden ser puntuais ou estaren integradas nunca dinámica máis ampla, xa programada anteriormente, neste ámbito. Poden ser dous días (ou unha semana) a prol da visibilización da biblioteca na escola e na sociedade.

O lema elixido este ano pola IASL para a celebración do día da biblioteca escolar é *Learning: Powered by your school library*, que traducimos como **APRENDER MÁIS E MELLOR DENDE A TÚA BIBLIOTECA ESCOLAR**



No contexto das actividades propostas pola entidade convocante, (IASL) suxírese a escolla dalgunha das seguintes para facer deste día algo especial:

- Da forma que se considere axeitada (circular, cartel, páxina web, *blog*, radio,...) informar á comunidade escolar sobre o Día Internacional da Biblioteca Escolar e da importancia das bibliotecas nas actividades de aprendizaxe.
- Se o centro conta cunha páxina web ou un *blog*, incorporar unha información específica sobre a conmemoración deste día e os traballos do alumnado, no seu caso.
- Elaboración dun cartel-fotomontaxe con imaxes de membros da comunidade escolar facendo uso da Biblioteca Escolar, en distintos momentos e situacións (lendo de forma informal, escollendo un libro, escoitando unha narración, debuxando logo da lectura dun conto, procurando información en internet...). O lema do cartel faría referencia ás múltiples posibilidades da biblioteca.
- Pedirlle aos alumnos e alumnas que expresen, mediante textos ou imaxes, as súas opinións, ideas ou vivencias relacionadas coa biblioteca do seu centro e os cambios acaecidos nos últimos cursos.
- Pedirlle aos membros da comunidade escolar, ideas para a biblioteca do centro: ¿bótase de menos algunha prestación ou servizo na biblioteca escolar?
- Organizar unha visita guiada á Biblioteca Escolar, con xogos ou actividades específicas que favorezan o coñecemento deste espazo e os seus recursos.
- Organizar unha xornada de portas abertas na Biblioteca Escolar do centro, convidando a pais/nais e outros membros da comunidade escolar ou local (pódense amosar os últimos materiais engadidos aos fondos)